

## INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO E-DIXGAL PARA AS FAMILIAS E ALUMNADO

### 1.-CONSIDERACIÓNS XERAIS

Acceder a <https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/e-dixgal/informacion-para-familias>

Nesta páxina, terá toda a información sobre o Proxecto E-Dixgal premendo en [Folleto informativo familias - Curso 2021/22.](#)

A responsabilidade do correcto coidado do equipo e do seu bo uso recae nos/as pais/nais/titores/as legais, que deben responder do perda ou do seu mal uso. As avarías que poidan producirse na utilización diaria do equipo, que non sexan debidas a un uso inadecuado, están recollidas nos supostos de garantía do equipo, e polo tanto deben comunicarse solventarse a través das distintas canles do Servizo de soporte Premium. (ver folleto informativo).

#### Seguro opcional ordenador portátil

Se así o desexa, pode contratar un seguro anual (válido dende setembro de 2022 ata agosto de 2023), que permite cubrir o risco dos danos no portátil non contemplados na garantía.

O custo anual do devandito seguro é de 49 € (I.V.E. incluído), e a súa contratación pode realizarse a través do número de teléfono 881 505 136.

O seguro cubre os seguintes danos:

- Rotura de calquera compoñente do equipo (pantalla, carcasa, teclas, bisagras, conector de alimentación, outros conectores...).
- Rotura do cargador de alimentación

O seguro NON cubre os seguintes danos:

- Roubo, hurto, extravío ou perda, tanto do portátil, como do cargador de alimentación.

#### Que se pode facer co portátil?

O equipo cedido ao alumnado do proxecto, é para uso persoal e educativo, é dicir, o alumnado empregará o equipo para seguir o proceso de ensino e aprendizaxe e para realizar as tarefas educativas indicadas polo profesorado, ou calquera outra actividade educativa pertinente. Non se poderá usar o equipo para ningún outro uso persoal distinto da actividade educativa. Tampouco se poderá ceder a terceiras persoas. A utilización non permitida do equipo será recollida como conduta contraria a convivencia nas normas de organización, funcionamento e convivencia.

- Non se poderán realizar manipulación no ordenador nin no software instalado
- Deberá informarse ao/á titor/a do curso de calquera dano observado no equipo
- O alumnado deberá levar o ordenador ao centro todos os días, en condicións de uso e coa batería cargada

- O ordenador deberá devolverse ao rematar o curso e cando o centro o solicite para realizar calquera actuación, ou calquera tarefa de mantemento, ...
- O profesorado e o/a coordinador/a E-Dixgal do centro poderán inspeccionar o ordenador cando o estimen oportuno, co fin de constatar o seu estado.

## **2.-NORMAS DE USO DO PORTÁTIL**

O portátil do alumnado permanecerá na aula do grupo no maletín, sempre que non se estea utilizando.

### **2.1.-Coidados básicos**

1. Antes de coller o portátil o alumnado deixará a mesa libre de todo obstáculo.
2. Coller sempre o portátil coas dúas mans e perfectamente limpas.
3. Trasladar o portátil co máximo coidado e sen correr, para evitar caídas ou golpes.
4. Non se deberá poñer ningún obxecto enriba dos portátiles.
5. Non se comerá nin beberá cando se estean a utilizar os portátiles.
6. Evitar a exposición do portátil aos líquidos e ás fontes de calor (radiadores, etc).
7. Manter o portátil limpo.
8. Colocar o portátil cando non se utilice no caixón do pupitre.

### **2.2.- Uso didáctico do portátil na aula**

1. O alumnado non collerá o portátil ata recibir o mandato expreso do profesorado.
2. Antes de comezar a traballar co portátil o alumnado colocaráo nun lugar estable a salvo de posibles incidencias como golpes e caídas.
3. O alumnado non acenderá o portátil ata recibir a orde expresa do profesorado.
4. Se o alumnado ten que mover o portátil coa pantalla aberta, colleráo sempre pola base, nunca pola pantalla, xa que é o elemento que antes se deteriora.
5. A pantalla non se pode tocar con ningún obxecto.
6. En horario escolar, os portátiles só saíran das aulas cando algún ou algunha profesor o requira e sempre baixo a súa supervisión.
7. Non se utilizará a webcam salvo expresa indicación do profesorado
8. A información que se almacene nestes equipos estará relacionada con tarefas educativas, polo que non se poderá manipular o software, modificar a configuración do equipo nin almacenar material que non estea relacionado co uso docente e sempre co permiso e supervisión do/da profesorado.
9. O alumnado descargará os temas do libro dixital das editoriais cando o indique o profesorado para o seu uso off-line.
10. O uso da rede do Centro terá sempre unha finalidade educativa. As páxinas ás que se acceda



desde os equipos deberán ser adecuadas a esta finalidade educativa.

11. O alumnado comprométese a traer o portátil coa batería cargada ao 100% todos os días.
12. Durante as horas lectivas en que non se utilicen e no tempo de recreo, se é preciso, os portátiles quedarán depositados no seu lugar correspondente.
13. O alumnado é responsable do correcto mantemento do escritorio, carpetas, arquivos, traballos realizados nel e de apagar correctamente o portátil.
14. O alumnado cuxos proxenitores non asinaron o compromiso de préstamo, devolverá final de cada día e cando o profesor lle diga, o portátil asegurándose que queda conectado ao cable de carga.

## 2.3.- Servizo de préstamo a domicilio. Protocolo de uso no ámbito familiar

O alumnado comprométese a:

1. Poñer o máximo coidado nos traxectos entre o instituto e a casa, para que o portátil chegue en perfecto estado.
2. Levar todos os días o ordenador portátil ao centro coa batería totalmente cargada (100% de carga).
3. O único fin deste equipamento é o de realizar as tarefas escolares oportunas no domicilio familiar. Non se destinará a ningún outro uso persoal nin profesional. Así mesmo, non poderá cederse a terceiras persoas.
4. Non se poderán realizar manipulacións no ordenador nin no software nel instalado. Deberá informarse ao/á titor/a do curso ou ao Servizo Premium de calquera incidencia observada no equipo no menor prazo posible.
5. No caso de avaría, rotura ou extravío, seguiranse os criterios e normas da guía de mantemento e coidado do portátil.
6. **Durante as vacacións (Nadal, Entroido, Semana Santa)**, o alumnado poderá dispoñer do portátil no seu domicilio, téndoo preparado para súa incorporación ao centro tras estes períodos.

**LEMBRA que, o feito de non respectar e aceptar estas normas, pode derivar na restrición do acceso ao equipamento ou a retirada definitiva do mesmo, así como nunha sanción económica en función da natureza do deterioro causado.**

## 3. INCIDENCIAS E RESPONSABILIDADES DERIVADAS DO USO DOS PORTÁTILES

Tanto o **profesorado** como o **alumnado** que utilizan os portátiles da aula son responsables de mantelos en bo estado e funcionamento, polo que deben **comunicar calquera incidencia** que se produza para poder proceder, **coa maior brevidade posible**, á súa reparación.

### 3.1. Protocolo ante incidencias

1. Ante calquera incidencia nos portátiles é responsabilidade do/da alumno/a avisar o profesorado presente no momento que cubrirá o parte individual de incidencias (caixón da aula).
2. O profesorado cubrirá un parte individual de incidencias (anexo I) que estará no caixón da aula e procederá a retirar o portátil. O/A alumno/a seguirá a clase por un compañeiro/a. Ao final do día pasarase o parte ao coordinador E-Dixgal.
3. Ante unha incidencia o coordinador E-Dixgal verificará o problema do portátil e decidirá a quen lle compete o seu arranxo.

### 3.2. Responsabilidades e sancións derivadas do uso do portátil

#### 3.2.1. Faltas leves, graves e moi graves

##### **Serán faltas de “Mal Uso Leve”:**

1. Incumprimento do sinalado no apartado 2.1 agás os puntos 6 e 7 considerados de uso grave.
2. O incumprimento das normas que figuran no apartado 2.2 agás os puntos 4 e 5 e no apartado 2.3.
3. Incumprimento do sinalado no apartado 3.

##### **Serán faltas de “Mal Uso Grave”:**

1. Comer ou beber mentres se está a utilizar o portátil.
2. Expoñer o portátil aos líquidos e ás fontes de calor (radiadores, etc).
3. Estar noutras páxinas ou noutros programas diferentes a aqueles que indicara o profesorado.
4. Reiteración das faltas leves.

##### **Serán faltas de “Mal Uso Moi Grave”:**

1. Causar estragos no portátil propio ou alleo por mal uso consciente do mesmo.
2. Sacar o portátil da aula durante una clase sen o permiso específico dun profesor/a.
3. Sacar o equipo fóra do centro (agás o alumnado con servizo de préstamo).
4. Acceder ou manipular un portátil que non sexa o propio.
5. Finxir ser outra persoa cando se envían ou reciben mensaxes.
6. Reiteración das faltas graves.

#### 3.2.2. As sancións derivadas do mal uso dos portátiles serán as seguintes:



1. O MAL USO dos portátiles carrexará as seguintes sancións **LEVES**:

- Non usar o portátil polo que resta de sesión. A decisión será tomada polo profesorado que estea nese momento na aula. O alumnado afectado realizará as tarefas que correspondan nese momento co material convencional da aula. De repetirse esta conduta, o/a alumno/a comparecerá perante o coordinador.
- A reiteración da mesma será corrixida co apercibimento por escrito, que figurará na folla de incidencias do seu expediente persoal. O alumnado non poderá facer uso do portátil durante tres días lectivos, realizando as tarefas da clase co material convencional da aula.

2. O MAL USO dos portátiles carrexará as seguintes sancións **GRAVES**:

- A conduta do alumnado que incorra neste tipo de faltas será corrixido mediante a notificación ás familias da mesma, que asinarán unha acta coa tipificación da falta e as medidas correctoras. Dita acta será incorporada ao expediente do /a alumno/a, que será sancionado/a coa non utilización do portátil durante unha semana. Durante o tempo da sanción, o/a alumno/a realizará as tarefas da clase co material convencional da aula.

3. O MAL USO dos portátiles carrexará as seguintes sancións **MOI GRAVES**:

- A corrección polo uso moi grave dos portátiles carrexará a perda do dereito á súa utilización por un período dun mes. Esta sanción será comunicada ás familias, e figurará na folla de incidencias no expediente do/a alumno/a.
- No caso de producirse estragos no portátil propio ou alleo por mal uso consciente do mesmo, o importe da súa reparación ou substitución, seralle reclamado ás familias.

**CONSIDERACIÓNS XERAIS:**

- A acumulación de tres faltas dun nivel, catalogarase de inmediato como falta de nivel superior, sendo a sanción da terceira a equivalente ao nivel superior.
- Durante o tempo que dure a sanción o alumnado deberá realizar os traballos que se determinen para evitar a interrupción do seu proceso formativo.
- Será de aplicación calquera outra sanción contemplada no NOFC.

**Cada alumno/a é totalmente responsable do que faga co portátil que se lle asigna, polo que deberá respectar as normas de uso co fin de evitar cometer faltas e cumprir coas consecuencias derivadas das mesmo.**